

UNIDADE 3 e 4 AS AUGAS E CLIMA CUESTIÓN

1) Explica o ciclo da auga

1. A auga da superficie continental evapórase, condénsase na atmosfera e forma as nubes.
2. O vento arrastra as nubes que se enchen de auga.
3. Debido ao seu propio peso, a auga das nubes precipítase.
4. A auga cae na superficie terrestre e fíltrase ás augas subterráneas.
5. A auga subterránea chega ao mar.

2)Explica como dividimos as augas do planeta?

Divídense en dous grandes grupos:


- As augas salgadas ou mariñas: formadas polos mares e océanos. Supoñen un 97% do total.
- As augas doces ou continentais: formadas polos ríos, lagos, augas subterráneas e augas xeadas. Representan un 3% do total.

3) Que son os océanos e donde se sitúan na súa maioría? Cita os máis importantes

Os océanos son grandes masas de auga salgada que separan os continentes e sitúanse maioritariamente no hemisferio sur.

Estes océanos son: Atlántico, Pacífico, Índico, Glaciar Ártico e Glaciar Antártico.

4) Señala no gráfico as diferentes partes



5) Completa o mapa de ríos da Península Ibérica



6) Cita 3 ríos galegos da vertente cantábrica e 4 da vertente atlántica

Eo, Landro e Sor

Miño, Xallas, Tambre e Eume

7ª) Cita os factores máis importantes que condicionan o clima. Explica como influe a altitude

Sol, distancia respecto ao mar. A orientación, A latitude e A altitude.

A altitude a temperatura diminúe a medida que aumenta a altitude (uns 0,6º C por cada 100 m) Isto débese a que, a máis altura, as capas de aire son menos densas porque este se expande e, ao expandirse arrefriase.

8ª) Cales son os elementos do clima.

O clima dunha zona depende de certos elementos, principalmente temperaturas, precipitacións, os ventos, a humidade do aire e a presión atmosférica.

9ª) Segundo a temperatura, explica como se divide o noso planeta?

- Unha zona cálida entre os dous trópicos.
- Dúas zonas temperadas situadas entre os trópicos e os círculos polares.
- Dúas zonas frías nos círculos polares

10ª) Que tipo de mares existen? Describe cada un deles

Mares litorais, son aqueles preto da costa, exemplo o mar Cantábrico

Mares continentais, son aqueles que están en contacto co océano a través dun estreito, por exemplo o mar Mediterráneo

Mares pechados, son aqueles que están dentro dun continente sen contacto cun océano (lagos salgados) exemplo o mar Caspio

11ª) Gracias a que se moven as augas salgadas?


A diferenza de densidade, salinidade e temperatura que provoca o ascenso e descenso das augas así como das corrientes

12ª) Que son as mareas?

Son as subidas e baixadas do nivel do mar provocada pola atracción que exerce a Lúa sobre a superficie do planeta

13ª) FAI O SEGUINTE CLIMOGRAMA E RESPONDE AS CUESTIÓN

	X	F	M	A	M	X	XL	A	S	O	N	D
Temp.	9	10	11	12	15	17	19	20	18	15	11	10
Precip.	90	80	70	90	80	40	30	30	50	110	120	110



PRECIPITACIÓN TOTAL ANUAL: **900 mm**

TEMPERATURA MEDIA ANUAL: **13,91 °C**

OSCILACIÓN TÉRMICA: **11° C**

MESES SECOS: **DOUS, XULLO E AGOSTO**

TIPO DE CLIMA: OCEÁNICO